

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000044.

Excm. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 30 de outubro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA AMPLIACIÓN E LEGALIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE EXISTENTE EN BELESAR, SAN XOÁN DO CAMPO, 12 (Exp. 2024/Y001/000097).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE POMBAS NO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024-C003-000023.

3. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMIDA NO CENTRO DE DÍA "ANTONIO GANDÓY", EXP. REF 2022-C003-000009. 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O DÍA 1 DE XANEIRO ATA O DÍA 31 DE DECEMBRO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1480556310941867430.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-10-2024

2025.

PERSOAL

4. ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO 10/452 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DO 16 DE OUTUBRO DE 2024, DE ADSCRICIÓN POR MOTIVOS DE SAÚDE DUN FUNCIONARIO COMO ORDENANZA NOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS.

FOMENTO

5. RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA; NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA; NEXT GENERATIONEU.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

6. INFORME PROPOSTA RELATIVO Á PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE Á CONVOCATORIA DE PROPOSTAS ANO 2025 (DENTRO DO CONVENIO MARCO PERÍODO 2021-2025) ANTE A COMISIÓN EUROPEA E ADQUISICIÓN DE COMPROMISO DE COFINANCIAMENTO PARA 2025 DO PROXECTO EUROPE DIRECT-2021/2025 (CÓDIGO DE PROXECTO 212410201).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía

coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,